

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.<sup>a</sup>,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 24.11.2017      Hora: 10:30



A Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 24 de novembro de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :


Punto único.- Preguntas

- 1.1 13067 (10/POC-002260)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis  
Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego encamiñadas a controlar ou erradicar as enfermidades que afectan as especies autóctonas, e nomeadamente os soutos de castiñeiros da comunidade autónoma  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 158, do 04.08.2017*
- 1.2 18496 (10/POC-003064)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Vega Pérez, Daniel e 6 máis  
Sobre as medidas de apoio postas en marcha e previstas pola Xunta de Galicia para o impulso das agrupacións de defensa sanitaria gandeira e a extensión da súa implantación territorial  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 194, do 17.10.2017*
- 1.3 18723 (10/POC-003098)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as razóns do Goberno galego para non optar por un servizo de prevención e defensa contra incendios forestais único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias, nomeadamente as rurais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017*
- 1.4 19193 (10/POC-003159)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David  
Sobre a posible incidencia do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se

crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos na estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, aprobada no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, os medios persoais e materiais desa consellaría que van formar parte desa axencia e as razóns do traspaso da maioría das competencias de montes á Consellería de Economía

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 199, do 24.10.2017*

- 1.5 19427 (10/POC-003190)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis  
Sobre as medidas que vai poñer en marcha o Goberno galego para afrontar o reiterado problema dos lumes en Galicia, así como as súas previsións respecto da realización de cambios lexislativos ou de calquera outro tipo para favorecer a súa prevención  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017*
- 1.6 19430 (10/POC-003191)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio  
Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da información aos concellos afectados pola couza guatemalteca da pataca en relación co número de trampas colocadas e de capturas rexistradas na loita contra a praga, así como os datos ao respecto  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 204, do 02.11.2017*
- 1.7 19502 (10/POC-003201)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David  
Sobre as estimacións do Goberno galego referidas á contía dos danos padecidos polos gandeiros a causa da seca e dos lumes, as medidas que está a levar a cabo para compensalos e as súas previsións respecto da oferta de axudas directas aos afectados para a compra de alimento para o gando  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 207, do 08.11.2017*
- 1.8 20017 (10/POC-003257)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as presuntas irregularidades denunciadas na contratación de helicópteros para a loita contra os incendios forestais  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 211, do 15.11.2017*



O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2017

Moisés Blanco Paradelo

Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Moises Blanco Paradelo, na data 20/11/2017 13:28:07**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.<sup>a</sup>, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 24.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      13067(10/POC-002260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego encamiñadas a controlar ou erradicar as enfermidades que afectan as especies autóctonas, e nomeadamente os sotos de castiñeiros da comunidade autónoma

*Publicación da iniciativa, 158, 04.08.2017*



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/07/2017 09:30  
Nº Rexistro: 13067  
Data envío: 24/07/2017 14:10:53.684**

### **A Mesa do Parlamento**

**Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado, Encarna Amigo Díaz e Daniel Vega Pérez**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

O ataque de diversas enfermidades está a afectar de xeito notoria á produción forestal na nosa Comunidade Autónoma.

O chancro e a avéspera nos castiñeiros, a *Phytophthora alni* nos ameneiros ou a *sisis apiformis* especialmente nos chopos son exemplos ben coñecidos do ataque deste tipo de pragas e que ocasionan perdas económicas para os produtores afectados pero que tamén, entre outras consecuencias, contribúen a reducir a superficie forestal ocupada por especies autóctonas na nosa Comunidade Autónoma.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que medidas adoptou o Goberno galego para loitar contra as enfermidades que atacan a nosa masa forestal e nomeadamente aos soutos de castiñeiros?
2. Que orzamento vai dedicar o Goberno galego a este cometido no presente exercicio?
3. Está a desenvolver o Goberno galego, de xeito directo ou en colaboración con outras institucións ou organismos, algunha liña de investigación encamiñada a controlar ou erradicar as enfermidades que afectan ás árbores, especialmente as especies autóctonas, na nosa Comunidade Autónoma?

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Raquel Arias Rodríguez na data 24/07/2017 14:04:48**

**José González Vázquez na data 24/07/2017 14:04:57**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 24/07/2017 14:05:05**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 26/07/2017 09:30  
Nº Rexistro: 13067**  
Data envío: 24/07/2017 14:10:53.684

**Moisés Blanco Paradelo na data 24/07/2017 14:05:12**

**Carlos Gómez Salgado na data 24/07/2017 14:05:20**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 24/07/2017 14:05:38**

**Daniel Vega Pérez na data 24/07/2017 14:05:44**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 18496(10/POC-003064)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 6 máis

Sobre as medidas de apoio postas en marcha e previstas pola Xunta de Galicia para o impulso das agrupacións de defensa sanitaria gandeira e a extensión da súa implantación territorial

*Publicación da iniciativa, 194, 17.10.2017*

#### **A Mesa do Parlamento**

**Daniel Vega Pérez, José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo e Carlos Gómez Salgado**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Dende o Grupo Parlamentario Popular sabemos da gran importancia que teñen as Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras (ADSG) para as ganderías galegas e tendo en conta que a Xunta de Galicia aposta decididamente por ditas agrupacións, queremos que se sigan a impulsar e a apoiar as ADSG xa que cumpren un papel de vital importancia na defensa sanitaria nas nosas ganderías.

Se poñemos en valor a xenética para ter cada día mellores animais para que produzan máis e mellores produtos, tampouco podemos esquecernos dun necesario traballo rigoroso no eido sanitario.

Así, ante o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas de apoio ten posto en marcha a Xunta de Galicia, e cales ten previsto desenvolver, para o impulso das Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeiras e a extensión da súa implantación territorial?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2017

#### **Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/10/2017 16:30  
Nº Rexistro: 18496  
Data envío: 09/10/2017 14:00:33.859**

**Daniel Vega Pérez na data 09/10/2017 13:54:10**

**José González Vázquez na data 09/10/2017 13:54:20**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 09/10/2017 13:54:28**

**Raquel Arias Rodríguez na data 09/10/2017 13:54:34**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 09/10/2017 13:54:41**

**Moisés Blanco Paradelo na data 09/10/2017 13:54:47**

**Carlos Gómez Salgado na data 09/10/2017 13:54:53**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 24.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.3      18723(10/POC-003098)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as razóns do Goberno galego para non optar por un  
servizo de prevención e defensa contra incendios forestais  
único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e  
apto para todo tipo de emerxencias, nomeadamente as rurais

*Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2017 12:37  
Nº Rexistro: 18723  
Data envío: 13/10/2017 12:37:55.238

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª**.

Ata hai pouco a época do ano en que os incendios forestais tiñan máis incidencia no territorio galego coincidía sempre co período estival, cando a vexetación chega á madurez e a seca convértea en combustible de alto valor incendiario.

Queremos crer que foi por iso polo que apareceu o chamado reforzo de tres meses que rematou sendo esa vergoña que chamamos persoal de incendios fixo-discontinuo, é dicir, man de obra temporal barata, a disposición, mercede ó paro e á necesidade que a xente ten de comer.

A climatoloxía iniciou hai uns poucos anos un ciclo (queremos crer que se trata dun período no tempo e non dun cambio climático definitivo) con ciclos dentro do ano cada vez máis frecuentes de altas temperaturas, seca persistente, humidade moi baixa e, debido ó abandono do rural, existencia de enormes masas de combustible a xeito de matogueira.

Isto que a Consellería sempre negou é un feito comprobado: **A desestacionalización dos incendios.**

É preciso incidir de novo en que o despoboamento do Rural trae consigo o aumento da masa de combustible e a ausencia de brazos e maquinaria que o procese para usos agrícolas, facendo necesario un labor de prevención durante case todo o ano.

Neste 2017 apareceron, neste mes, lumes que ben puideron ser provocados polos desbroces inadecuados motivados polo absurdo das convocatorias e resolucións das axudas fóra de tempo.

A 10 de outubro deste 2017 asistimos a unha chamada xeral ós cesados fixos-discontinuos para se incorporaren ó servizo ata fin de mes, e non só isto senón que tamén se cobren baixas, cousa que non acontecía desde hai tempo. A día da data unha sería vaga de lumes percorre o País, cando tradicionalmente sería un mes sen perigo polas condicións meteorolóxicas que **eran** habituais.

A Consellería terá que tomar en consideración a desestacionalización dos lumes e amplia-lo tempo de contratación ós traballadores de 3 meses implementando as brigadas terrestres e absorbendo tamén ós de 3 meses de Seaga, que todo ha facer falta.

E todo ha facer falta porque o servizo de extinción non pode estar a expensas do que manden as vagas de seca e lumes para contratar o persoal das brigadas terrestres. É cada vez máis necesario cubrir con **persoal profesionalizado e estable os labores de prevención e emerxencias** para controlar un territorio despoboado e onde a maleza campa ás súas anchas.

A nova tipoloxía de incendios con lumes de expansión máis rápida, con ameazas a vivendas, con maior carga de combustible en densidade e en extensión, con temperaturas máis altas e con períodos de secas máis acusados... **esixe** un sistema de prevención e extinción máis profesionalizado e cunha formación homologada e efectiva. Non se debería por tanto utilizar persoal eventual.



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2017 12:37  
Nº Rexistro: 18723  
Data envío: 13/10/2017 12:37:55.238

Creemos que ..." *van polo bo camiño*"... aínda que lentos. Tamén pode ser que o camiño, as circunstancias, poidan máis cá inexplicable cerrazón a ve-la realidade e encarala coa firmeza e resolución necesarias diante deste complexo problema.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

Diante da desestacionalización dos lumes cada vez máis evidente, cal é a razón pola que non se opta por parte do Goberno galego por un SPDCIF único, profesionalizado en prevención e extinción de lumes e apto para todo tipo de emerxencias nomeadamente as rurais?

Santiago de Compostela, 13 de outubro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Luis Bará Torres**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/10/2017 12:37  
Nº Rexistro: 18723  
Data envío: 13/10/2017 12:37:55.238

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 13/10/2017 12:35:29**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/10/2017 12:35:34**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/10/2017 12:35:35**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/10/2017 12:35:37**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/10/2017 12:35:39**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/10/2017 12:35:40**

**Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes**

**Día: 24.11.2017                    Hora: 10:30**

**Orde do día**

1.4      19193(10/POC-003159)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre a posible incidencia do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos na estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, aprobada no Decreto 166/2015, do 13 de novembro, os medios persoais e materiais desa consellaría que van formar parte desa axencia e as razóns do traspaso da maioría das competencias de montes á Consellería de Economía

*Publicación da iniciativa, 199, 24.10.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª.

Na tramitación da Lei de Orzamentos do ano 2017, como xa é habitual, o Goberno incluíu unha Lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, e engadía nesta, na última Disposición adicional, a autorización para a creación da Axencia Galega da Industria Forestal, que quedaría adscrita á consellería competente en materia de economía.

A aprobación, mediante este mecanismo, foi unha maneira de tratar de agochar moitas das modificacións substanciais que pretendían facer.

O seguinte paso que deu o Goberno galego foi o de aprobar o DECRETO 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

O DECRETO 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, recolle no seu artigo 1. o seguinte:

*“**Competencias.** A Consellería do Medio Rural é o órgano da Administración galega ao cal baixo a superior dirección da persoa titular do departamento lle corresponde propor e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito rural, que engloba as competencias en materia de agricultura, gandería, desenvolvemento rural e ordenación comarcal, estruturas rurais, industrias agroalimentarias e forestais, montes, prevención e defensa dos incendios*



*forestais, de acordo co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e segundo os termos sinalados pola Constitución española e no Estatuto de autonomía, na forma establecida neste decreto”*

Ca aprobación e posta en marcha deste novo Decreto a Consellaría do Medio rural queda baleira de contido e de orzamentos para levar adiante unha política de montes, pasando a ser esta Axencia o interlocutor cualificado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cales son os motivos da Xunta de Galicia para o desmantelamento, na práctica, da Consellería de Medio Rural?
- 2) Como se compatibiliza o DECRETO 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos, co DECRETO 166/2015, do 13 de novembro polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural?
- 3) Cales son os medios materiais e persoais que corresponden na actualidade aos departamentos da Consellaría de Medio Rural que van a formar parte desta Axencia?
- 4) Por que traspasan a maioría das competencias de Montes á Consellaría de Economía?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 19/10/2017 18:03**  
**Nº Rexistro: 19193**  
Data envío: 19/10/2017 18:03:39.656



5) Que intereses se atopan detrás desta decisión?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2017

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 19/10/2017 18:01:56**

**David Rodríguez Estévez na data 19/10/2017 18:02:04**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 24.11.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 19427(10/POC-003190)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 2 máis

Sobre as medidas que vai poñer en marcha o Goberno galego para afrontar o reiterado problema dos lumes en Galicia, así como as súas previsións respecto da realización de cambios legislativos ou de calquera outro tipo para favorecer a súa prevención

*Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, Patricia Vilán Lorenzo e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada, pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa no pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgraza para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesma e da súa terra, ademais da perda de vidas.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte e todo tipo de terreos. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte e terras agropecuarias supón un elemento de gran perigo, é un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, concellos, deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da Administración e dos distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos. A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos discontinuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixamento na atención as advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no domingo 15 de outubro, foi absolutamente de desolación. A deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, provocou caos e



**Grupo Parlamentario**

desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus propios medios.

Por outra banda, a extensión e proliferación dos lumes que afectaron a boa parte da xeografía galega, nomeadamente nas provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo fixeron desta vaga de lumes un fenómeno que causou un grande impacto en bosques, medio natural, lugares habitados, actividades económicas e infraestruturas.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por todo iso os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que medidas pensa poñer en marcha o Goberno galego para afrontar o problema reiterado dos lumes en Galicia?

2ª) Ten pensado facer cambios legislativos ou de calquera outro tipo para favorecer a prevención dos lumes?

Pazo do Parlamento, 26 de outubro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 26/10/2017 13:05:10**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 26/10/2017 13:05:20**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/10/2017 13:05:26**



Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 24.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.6      19430(10/POC-003191)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Quiroga Díaz, José Antonio

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da información aos concellos afectados pola couza guatemalteca da pataca en relación co número de trampas colocadas e de capturas rexistradas na loita contra a praga, así como os datos ao respecto

*Publicación da iniciativa, 204, 02.11.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e José Antonio Quiroga Díaz, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O luns 6 de febreiro publicábanse no DOG os 31 concellos afectados pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*), 13 na provincia da Coruña e 18 na provincia de Lugo.

O martes 2 de maio comezaba a “campaña de recollida de pataca afectada pola couza guatemalteca (*Tecia solanivora*)”, a cal empezou en dous concellos coruñeses e dous lucenses.

O mércores 24 de maio, cando aínda se estaba a recoller pataca afectada, a conselleira do Medio Rural, anunciaba que dá por controlada a praga da couza guatemalteca da pataca nos concellos infestados da provincia da Coruña.

O venres 30 de xuño, reuniuse a Comisión de Seguimento da Couza Guatemalteca da que non transcendeu ningunha nova sobre dos temas tratados na dita reunión.

Por iso os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai informar a Consellería do Medio rural aos concellos afectados pola couza guatemalteca do número de trampas colocadas e das capturas rexistradas nas zonas afectadas e nas de tampón, en caso afirmativo, en que prazo?

2ª) Cantas trampas se colocaron, especificadas por concellos e provincias?

3ª) Cantas capturas rexistraron as trampas, especificadas por concellos e provincias?



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 26/10/2017 13:52**  
**Nº Rexistro: 19430**  
Data envío: 26/10/2017 13:52:55.226



---

 **Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 24 de outubro de 2017

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 26/10/2017 13:40:21**

---

**José Antonio Quiroga Díaz na data 26/10/2017 13:40:30**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 24.11.2017                    Hora: 10:30

Orde do día

1.7      19502(10/POC-003201)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as estimacións do Goberno galego referidas á contía dos danos padecidos polos gandeiros a causa da seca e dos lumes, as medidas que está a levar a cabo para compensalos e as súas previsións respecto da oferta de axudas directas aos afectados para a compra de alimento para o gando

*Publicación da iniciativa, 207, 08.11.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e Davide Rodríguez Estévez**, deputada e deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.<sup>a</sup>**

Tras un outono de lume os gandeiros e gandeiras temen que se produza un inverno de fame. Os incendios calcinaron os montes baixos e os prados onde pacían os animais, que xa padecían o dano da inmensa seca, polo que se están vendo obrigados a recorrer de xeito anticipado á forraxe que tiñan gardada para os meses de máis frío. Iso os máis afortunados. Aqueles que correron peor sorte xa non contan con comida para o seu gando, pois foron moitos os silos que arderon na fin de semana negra do 15 e outubro.

Con este panorama, urxe que o Goberno autonómico tome medidas para evitar que o gando galego morra de fame. Débello aos gandeiros e gandeiras, que coa súa labor, levan anos procurando que os nosos montes permanezan limpos e ben ordenados, e, polo tanto, libres de lumes. A súa labor social e ecolóxica fai tempo que merece ser recompensada con políticas solventes para o rural e non con consignas electoralistas.

O Partido Popular saca peito repetindo que esta vai ser a lexislatura do rural, pero, polo momento, fixo ben pouco para defender un campo que esmorece vítima de sucesivas traxedias. Agora é, por desgraza, un bo momento para que demostre o seu compromiso co campo galego levando a cabo políticas ambiciosas que compensen os danos que sufriron os seus traballadores nos últimos meses.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/10/2017 12:23  
Nº Rexistro: 19502  
Data envío: 27/10/2017 12:23:31.811



Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en comisión:

- 1.ª) En canto estima o Goberno da Xunta os danos que sufriron os gandeiros e gandeiras a causa dos lumes e da seca?
- 2.ª) Que medidas está levando a cabo para compensalos?
- 3.ª) Pensa ofrecer axudas directas para que a xente que non ten acceso á forraxe poda comprar alimento para o seu gando?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2017.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Davide Rodríguez Estévez

Deputada e deputado do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 27/10/2017 12:21:28**

**David Rodríguez Estévez na data 27/10/2017 12:21:39**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 24.11.2017                      Hora: 10:30

Orde do día

1.8        20017(10/POC-003257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as presuntas irregularidades denunciadas na  
contratación de helicópteros para a loita contra os incendios  
forestais

*Publicación da iniciativa, 211, 15.11.2017*



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 09/11/2017 13:12  
Nº Rexistro: 20017  
Data envío: 09/11/2017 13:12:23.113

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños e Luis Bará Torres**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Segundo ten transcendido publicamente o director xeral de ordenación forestal, Tomás Fernández-Couto, está imputado por presuntas irregularidades na contratación de helicópteros para a loita contra o lume. A orixe desta investigación foi unha denuncia presentada pola CIG en 2012 por prevaricación e que deu lugar a unha investigación da Fiscalía e reactivada após un informe moi crítico do Consello de Contas que advertía da "infracción dos principios de publicidade e transparencia" na contratación da Xunta.

Estamos ante uns feitos moi graves que deben ser aclarados en sede parlamentaria.

Estas son as razóns polas que se formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Como valora a Xunta o feito de estar investigado o director xeral de ordenación forestal por presuntas irregularidades na contratación de helicópteros para a loita contra o lume?





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/11/2017 13:12**  
**Nº Rexistro: 20017**

Data envío: 09/11/2017 13:12:23.113

-Por que se negou a Xunta a facer unha auditoría interna e aplicar as súas recomendacións após o demoedor informe do Consello de Contas?

-Vai cesar a conselleira de medio rural ao director xeral de ordenación forestal?

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Noa Presas Bergantiños**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 09/11/2017 13:11:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 09/11/2017 13:11:17**

**Ana Pontón Mondelo na data 09/11/2017 13:11:19**



BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 09/11/2017 13:12**  
**Nº Rexistro: 20017**

Data envío: 09/11/2017 13:12:23.113

**Olalla Rodil Fernández na data 09/11/2017 13:11:20**

**Noa Presas Bergantiños na data 09/11/2017 13:11:22**

**Xosé Luis Bará Torres na data 09/11/2017 13:11:23**